

REGULAMENTO DAS MESAS SECTORIAIS PARA A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES NA XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL CONDADO PARADANTA TERRA E AUGA

1. CONSTITUCIÓN DA MESA

Os asistentes de cada unha das mesas constituirán a mesma e levantarán acta da reunión. Actuará como Presidente/a da Mesa, moderando os debates, a persoa de maior idade. O Presidente tamén poderá interpretar este regulamento e tomar os acordos que considere para resolver calquera cuestión que non se atope regulada, buscando sempre o consenso entre todos os asistentes. Tamén contará con voto de calidade. Como secretario/a estará a persoa de menor idade, que tomará nota do acontecido na reunión. Presidente/a e Secretario/a asinarán a acta.

2. REDACCIÓN DA ACTA E ENUMERACIÓN DOS MEMBROS

Unha vez constituída a mesa, pasarase a dar conta dos membros que están na reunión e que se enumerarán na acta da reunión, indicándose o nome do representante de cada colectivo, que será a persoa con dereito a voto.

3. PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

As entidades poderán presentar a súa candidatura a súa elección como membro da Xunta Directiva **ata o 19 de setembro de 2025**. A candidatura deberá presentarse segundo modelo normalizado a través do trámite *instancia xeral* da Sede Electrónica da Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta Terra e Auga (<https://gdrterraeauga.sedelectronica.gal>) ou presencialmente no horario de rexistro nas oficinas do Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta Terra e Auga (Rúa Progreso, 21, 3º, 36880 – A Cañiza).

En atención ao prazo para formalizar as candidaturas, presentaranse as mesmas neste momento, logo de enumerar e recoller por escrito os representantes de cada un dos colectivos que integran a Mesa Sectorial. Así, poderase dar tamén a palabra a cada un dos candidatos para que brevemente expoña os argumentos nos que basean a súa candidatura.

O censo de entidades socias actualizadas estará dispoñible na web do GDR Terra e Auga (www.gdrterraeauga.gal)

4. VOTACIÓN

Nunha papeleta figurarán os nomes das entidades que presentan candidatura, cun espazo para recoller ao candidato correspondente. Só poderá votar unha persoa por cada entidade e só se poderá marcar a un candidato. As papeletas con marcas ou con máis dun candidato marcado serán consideradas nulas.

5.- RECONTO

Recontaranse os votos e tomarase nota desta cuestión na acta. Serán escollidos representantes da mesa sectorial correspondente os candidatos con maior número de votos. En caso de empate entre dous candidatos, procederase a realizar unha segunda votación entre só eses dous candidatos. De persistir o empate despois desta nova votación, será o voto de calidade do Presidente da mesa o que decida o representante.